

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

*RESOLUCIÓN do 16 de maio de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se modifica a Resolución do 15 de decembro de 2022 pola que se convoca para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (código de procedemento SI434A).*

O día 3 de xaneiro de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

As bases reguladoras desta subvención atópanse establecidas na Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 1, do 2 de xaneiro de 2019), pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que foi modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019 (DOG núm. 36, do 20 de febreiro) e da Resolución do 17 de decembro de 2021 (DOG núm. 246, do 24 de decembro).

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ten como obxecto a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren e prevé, no seu artigo 39, que a Xunta de Galicia garantizará a existencia dunha prestación económica de carácter periódico, dirixida ás mulleres vítima de violencia de xénero, que se regulará a través dunhas bases reguladoras que garantirán un prazo de solicitude aberto durante todo o ano.

Co obxectivo de dar unha mellor resposta e proporcionar protección e apoio ás diferentes realidades e situacións de violencia en que se atopan as mulleres, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, foi modificada por varias leis posteriores, así, a Lei 12/2016, do 27 de xullo, introduce como unha forma de violencia de xénero a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual;



a Lei 14/2021, do 27 de xullo, recoñece como vítima de violencia de xénero a violencia vicaria; e a Lei 15/2021, do 27 de xullo, introduce a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller.

No *Boletín Oficial del Estado* núm. 215, do 7 de setembro de 2022, publicouse a Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, na cal se prevé a explotación sexual como unha forma de violencia sexual e, entre outras medidas, se establece a asistencia integral ás vítimas de explotación sexual e trata con fins de explotación sexual.

Coa finalidade de incluír a explotación sexual como unha forma de violencia de xénero e, polo tanto, as vítimas de explotación sexual como potenciais beneficiarias da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, o artigo 40 da Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, publicada no *Diario Oficial de Galicia* o día 30 de decembro de 2022, modificou o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, engadíndolle unha nova alínea i) ao artigo 3, no que se establece a explotación sexual como unha nova forma de violencia de xénero.

Así mesmo, tamén se modificou o número 2 do artigo 39 establecendo que a Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante orde ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas de formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a) violencia física, b) violencia psicolóxica e f) trata de mulleres e nenas, g) violencia vicaria e i) explotación sexual, do artigo 3.

Co obxecto de que as mulleres vítima de explotación sexual poidan ser beneficiarias da prestación periódica ditouse a Resolución do 15 de maio de 2023, pola que se modifica a Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Con base no exposto, procede a modificación do punto 2 do artigo 1, do punto 1 do artigo 3, do punto 1 do artigo 4, o artigo 7 e a disposición adicional da Resolución do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano



2023 a prestación periódica para mulleres que sofren a violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero co obxecto de que poidan ser beneficiarias dela as mulleres vítima de explotación sexual.

Por todo o disposto e no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación da Resolución do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*

Modifícase o punto 2 do artigo 1, o punto 1 do artigo 3, o punto 1 do artigo 4, o artigo 7 e a disposición adicional da Resolución do 15 de decembro de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2023 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, nos termos que se recollen a seguir:

Un. O punto 2 do artigo 1 queda redactado como segue:

«2. A finalidade destas axudas é proporcionar apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero, para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, ou da persoa que mantívase sobre elas unha relación de dominación e/ou de explotación para os casos das mulleres vítima de trata con fins de explotación sexual e/ou vítimas de explotación sexual, e mais tentar axudalas a romper coa situación de violencia, dominación e/ou explotación, que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo e/ou están sendo explotadas».

Dous. O punto 1 do artigo 3 queda redactado como segue:

«1. O prazo, o lugar e a forma de presentación das solicitudes para o exercicio 2023 será o establecido nas bases reguladoras para a concesión da dita prestación periódica, aprobadas pola Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2019, pola Resolución do 17 de decembro de 2021 e pola Resolución do 15 de maio de 2023».



Tres. O punto 1 do artigo 4 queda redactado como segue:

«1. Os requisitos necesarios para poder ser beneficiaria desta axuda son os establecidos no artigo 5 das bases reguladoras para a concesión da dita prestación periódica, aprobadas pola Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, modificada pola Resolución do 12 de febreiro de 2019, pola Resolución do 17 de decembro de 2021 e pola Resolución do 15 de maio de 2023.

De acordo co artigo 2.1 das citadas bases reguladoras, o prazo para a presentación de solicitudes permanecerá aberto con carácter permanente durante todos os exercicios».

Catro. O artigo 7 queda redactado como segue:

«As solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria rexeranse en todos os aspectos polo disposto na Resolución do 17 de decembro de 2018, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero, modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Resolución do 17 de decembro de 2021 e da Resolución do 15 de maio de 2023».

Quinto. A disposición adicional queda redactada como segue:

«As solicitudes recibidas ao abeiro da Resolución do 21 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convoca para o ano 2022 a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que ao final do exercicio anterior non acadasen a fase de resolución por non estaren completos os trámites previos, resolveranse con cargo aos créditos desta resolución.

Nestes supostos, o cómputo das mensualidades que lle corresponde percibir iniciarase no exercicio 2023 e o resto das regras para o cálculo da contía rexeranse polo disposto no artigo 6.1 da antedita Resolución do 17 de decembro de 2018, modificada a través da Resolución do 12 de febreiro de 2019, da Resolución do 17 de decembro de 2021 e da Resolución do 15 de maio de 2023».



**Disposición derradeira**

Esta disposición entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2023

Susana López Abella  
Secretaria xeral da Igualdade

